



www.usc.gal/gl/estudos/graos/ciencias-sociais-xuridicas/grao-comunicacion-audiovisual



Grao en Comunicación Audiovisual



www.usc.gal



Comunicación Audiovisual

O Grao en Comunicación Audiovisual ten como obxectivo a formación de profesionais con capacidade crítica, analítica e reflexiva en relación ao feito audiovisual, cun coñecemento das formas e procesos da comunicación audiovisual, con capacidade de expresarse con claridade e coherencia nas linguas propias da súa comunidade.

Tipo Presencial

Área Ciencias Sociais e Xurídicas

Centro Facultade de Ciencias da Comunicación
Avda. de Castelao, s/n. Campus norte
15782 Santiago de Compostela
cc.comunicacion.decanato@usc.es

Campus Santiago de Compostela

+info www.usc.gal/gl/estudios/graos/ciencias-sociais-xuridicas/grao-comunicacion-audiovisual

Presentación

Interuniversitario: Non

Duración: 4

Número de prazas: 50

Data de inicio: Setembro

Prácticas remuneradas

Plan de estudos

A titulación está distribuída en catro cursos, cun total de 240 créditos que están formados por 60 créditos de formación básica, 150 de materias obrigatorias e 30 créditos optativos.

Mobilidade e prácticas

A mobilidade dos/as estudantes está regulada a través do “Regulamento de intercambios interuniversitarios”. A través do Servizo de Relacións Exteriores xestiónanse programas de intercambio tanto nacionais (SICUE), como europeos (ERASMUS) e extracomunitarios (intercambios con países de América Latina ou países de fala inglesa).

Hai un Módulo de Prácticas en empresas do sector audiovisual que se trata de períodos formativos complementarios en empresas do sector audiovisual, vinculadas á Universidade a través do convenio de prácticas USC-Empresa que regula esta actividade. As competencias que adquirirán os estudantes son as relacionadas co propio desenvolvemento da súa estancia formativa nas empresas convidadas. Xunto a estas competencias específicas, os estudantes coñecerán a modo experimental a casuística do mercado laboral. O alumno realizará prácticas en empresas do sector audiovisual.

Saídas profesionais

A titulación de grao en Comunicación Audiovisual atende á formación universitaria inicial dun ámbito de coñecemento científico e académico e dun campo de exercicio profesional consolidado e amplamente estendido. Capacita para as profesións de director, guionista e realizador audiovisual; produtor e xestor audiovisual; deseñador de produción e posprodución visual e sonora, e investigador en estudos audiovisuales.

